



1. PREVENCIÓN E USO APROPIADO

A educación no correcto uso de Internet non é só responsabilidade da escola. É sobre todo un traballo de familia, que se verá reforzado polas pautas da escola. Os profesores e profesoras deben ser os primeiros en dar exemplo no bo uso e, ao mesmo tempo, potenciar a utilización destas ferramentas das que falamos. O primeiro paso xa o fixemos: coñecer que ferramentas usan os menores, para que as usen e que riscos existen.

Vexamos algúns puntos nos que podemos incidir.

1.1.

1.1. PROTEXER A PRIVACIDADE

Como docentes debemos advertir aos alumnos e alumnas da importancia de non difundir datos persoais propios ou de terceiros. Existen en Internet multitude de material apropiado para apoiar estas ideas. Algún deste material o podes atopar neste mesmo curso.

Un dato moi importante: temos que axustarnos á lexislación vixente (que veremos no último tema). Isto implica que non podemos pedir aos menores de 14 anos que abran unha conta de correo ou se rexistren nunha rede social para unha actividade escolar. Existen recursos educativos apropiados para esas idades e que non comprometen a súa privacidade. O introducir a nenos e nenas en redes sociais xeneralistas sen consentimento dos seus pais e nais, ademais dunha infracción, é unha irresponsabilidade.

Nós mesmos tamén debemos non difundir datos dos menores, algo que –inda que cada vez menos– se fai en certas ocasións, ao difundir imaxes deles en blogs, webs do centro, etc.

1.2. TER ACTUALIZADO O SOFTWARE E OS ANTIVIRUS

Igual que deben facer cos seus equipos persoais, é altamente recomendable ter actualizado os sistemas operativos dos equipos, así como instalar antivirus. Inda que existe a idea de que os virus atacan a equipos con Windows e moi pouco ou nada a sistemas operativos Linux ou OS (Mac), é totalmente falso. Certo que Windows é máis atacado, pero simplemente polo feito de que está máis estendido. Un sistema con Linux ou OS debe contar tamén con antivirus. Xa vimos as consecuencias que pode traer unha infección nos equipos. E tamén cada vez máis os móbiles intelixentes –smartphones– son obxecto dos ataques informáticos, polo que tamén é aconsellable contar cun antivirus.

1.3. ACTUAR CONTUNDENTEMENTE ANTE O CIBERBULLYING

O *ciberbullying* é algo que con frecuencia se dá no ámbito escolar. Por iso é algo que hai que atallar e cómpre buscar o momento e a forma de darlles algunhas pautas aos menores para previr estes casos.

- Non responder ás provocacións. Iso é precisamente o que buscan vos acosadores.
- Non facilitar datos persoais nin información innecesaria sobre un mesmo: moitas formas de acoso baséanse en datos persoais que as propias vítimas facilitan inconsciente e imprudentemente. E isto esténdese, por suposto, ás redes sociais.
- Se ou medio non que se manifesta ou acoso (foro, rede social...) ten un xestor, acudir a el para denuncialo.

- Ter o ordenador ben protexido para evitar software malicioso que poida extraer os contrasinais das contas de correo ou redes sociais.
- Revisar e limpar a lista de contactos de redes sociais e mensaxería. Hai posibilidades de non só eliminar senón tamén de bloquear.
- Configurar axeitadamente a privacidade nas redes sociais.
- Facer saber aos acosadores que o que están facendo é un delito e que poden ser denunciados.
- Para o anterior, gardar as probas do acoso, e facer saber aos acosadores que se dispón delas.
 - Pedir axuda, no caso de darse o acoso, a pais, nais ou profesorado.

Recomendo, para ampliar esta información, ler o documento elaborado polo goberno vasco: [Protocolo de actuación escolar ante el Cyberbullying](#). Neste protocolo atoparedes posibles indicios de acoso, como actuar ante a vítima, que medidas tomar entre os menores que poidan estar en situación de ser ciberagresores, que debe promover un caso de cyberbullying nun centro educativo, como previlo e medidas coas vítimas.

1.4. FORMAR E INFORMAR A PAIS E NAIS

En Internet atoparemos moitísimos consellos para pais e nais acerca do bo uso de Internet por parte dos menores. Como profesores e profesoras hai moito no que se pode incidir, pero gran parte das medidas quedan fóra das nosas mans. Por iso consideramos moi importante facer xornadas informativas onde se expliquen de forma clara os riscos de Internet e os menores, pero facendo fincapé tamén no lado positivo das TIC. Hai moitísimas cousas que explicar aos menores. No **material de apoio** hai algunhas guías que complementan esta información. Pero moitas quedan fóra do ámbito de actuación do docente. O controlar os seus contactos, o seu tempo de conexión á rede, os contidos que visitan, o uso da webcam, as imaxes que difunden... son máis deber de pais e nais que do profesorado